UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 3 de novembro de 2026, da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, pola que se modifica a VIII Convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de Grupos de Innovación Docente (GID) da Universidade da Coruña

O 14 de outubro de 2026 publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC) a VIII Convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente (GID), cuxo prazo de presentación de solicitudes remata o 16 de novembro de 2026. A convocatoria fixa un período de avaliación único, do 1 de setembro de 2022 ao 31 de agosto de 2026, e non prevé ningunha medida para as persoas integrantes dos GID que estivesen nese período en permisos, licenzas ou outras situacións de protección da maternidade e da paternidade, de conciliación, de incapacidade temporal prolongada ou de violencia de xénero.

O artigo 65.4 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, obriga as universidades a asegurar o exercicio efectivo dos dereitos de conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a analizar e corrixir as desigualdades por razón de xénero nos usos do tempo académico. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, considera discriminación directa por razón de sexo todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade (artigo 8) e obriga as administracións públicas a integrar o principio de igualdade en todas as súas actuacións e a facilitar a conciliación sen menoscabo da promoción profesional (artigos 15 e 51).

Así mesmo, o artigo 125 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que o período de duración dos permisos por parto, adopción, garda con fins de adopción, acollemento e do outro proxenitor computa como de servizo efectivo para todos os efectos. As melloras desta lei en materia de permisos e licenzas no ámbito das políticas de igualdade aplícanse a todo o persoal docente e investigador da UDC, con independencia do seu vínculo, en virtude do Acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2018. Pola súa banda, o III Plan de igualdade da UDC 2024-2027 prevé incorporar a perspectiva de xénero nas normativas propias da universidade (medida 1.1) e regular axustes académicos en casos de maternidade, paternidade e necesidades de conciliación (medida 5.4).

A Normativa de avaliación e recoñecemento de grupos de innovación docente da UDC, aprobada polo Consello de Goberno o 24 de outubro de 2023, dispón no seu punto 3.2 que os períodos de avaliación se determinan en cada convocatoria, polo que a medida pode adoptarse mediante a modificación desta.

A avaliación dos GID non é competitiva, xa que cada GID obtén a súa categoría en función de limiares fixos de puntuación. Por iso, ampliar o período de avaliación dos méritos individuais das persoas que estivesen nas situacións indicadas non prexudica dereitos de terceiros. Por outra banda, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, permite ampliar os prazos non vencidos, por un tempo non superior á metade destes, cando as circunstancias o

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 1 de un total de 7 página(s).

aconsellen e non se prexudiquen dereitos de terceiros. Procede, en consecuencia, ampliar o prazo de presentación de solicitudes unicamente para os GID nos que algunha persoa integrante se acolla a esta medida.

De acordo con isto, no exercicio das competencias que o reitor me delega no artigo 12.1.m) da Resolución reitoral do 28 de agosto de 2026 pola que se aproban a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos (TEO do 31 de agosto de 2026), e vista a proposta do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) e as indicacións da Secretaría Xeral,

RESOLVO

Primeiro. Modificar a VIII Convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente da UDC, publicada no TEO o 14 de outubro de 2026, nos termos seguintes:

Un. No artigo 4 engádese unha nova alínea 8, coa seguinte redacción:

8. «**Prazo específico para GID con persoas integrantes nas situacións do artigo 5.4.**

   a) Os GID nos que polo menos unha persoa integrante se acolla á ampliación do período de avaliación prevista no artigo 5.4 poderán presentar a solicitude ata o 30 de novembro de 2026, incluído. Para os demais GID, o prazo é exclusivamente o da alínea 1 deste artigo.

   b) As solicitudes presentadas despois do 16 de novembro de 2026 deberán acompañarse do modelo complementario do anexo II, debidamente cuberto e asinado, e da acreditación prevista no artigo 5.4.f).

   c) Os GID incluídos na letra a) que xa presentasen a súa solicitude poderán presentar, dentro do prazo específico, o modelo complementario do anexo II e, se o desexan, unha nova solicitude completa, que substituirá integramente a anterior. Se non presentan nova solicitude, o modelo complementario referirase aos méritos incluídos na solicitude xa presentada.

   d) Para estes GID, a referencia da alínea 5 deste artigo ao remate do prazo de presentación de solicitudes enténdese feita ao remate do prazo específico.

   e) As solicitudes presentadas despois do 16 de novembro de 2026 que non cumpran os requisitos desta alínea serán excluídas por presentación fóra de prazo, conforme ao artigo 6.4.»

Dous. No artigo 5, engádese ao final da alínea 3 o inciso «, sen prexuízo do previsto na alínea 4 deste artigo».

Tres. No artigo 5 engádese unha nova alínea 4, coa seguinte redacción:

4. «**Ampliación do período de avaliación por permisos, licenzas e situacións protexidas.**

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 2 de un total de 7 página(s).

a) Cando unha persoa integrante do GID estivese, entre o 1/9/2022 e o 31/8/2026, nalgunha das situacións seguintes, a data de inicio do período de avaliación dos seus méritos individuais adiantarase polo tempo acumulado nesas situacións:

   1.º Permisos por parto, por nacemento, por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, e permiso do outro proxenitor.

   2.º Licenzas ou suspensións por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.

   3.º Permiso por lactación, cando se gozase de forma acumulada en xornadas completas.

   4.º Incapacidade temporal, sempre que cada período fose de polo menos 30 días naturais continuados.

   5.º Excedencias por coidado de fillos ou fillas ou de familiares.

   6.º Reducións de xornada por coidado de fillos ou fillas ou de familiares, que computarán en proporción á porcentaxe de redución.

   7.º Permisos, licenzas, reducións de xornada ou excedencias por razón de violencia de xénero ou violencia sexual.

   8.º Outras situacións legalmente equiparadas ás anteriores pola normativa aplicable á persoa integrante, en particular a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, aplicable ao PDI da UDC en virtude do Acordo do Consello de Goberno do 28/02/2018.

b) Cómputo. Sumaranse os días naturais de todas as situacións comprendidas entre o 1/9/2022 e o 31/8/2026, sen contar dúas veces os períodos solapados. O total expresarase en meses, redondeado ao alza ata o mes completo. A ampliación mínima será dun mes e a máxima de 24 meses. As situacións anteriores ao 1/9/2022 non xeran ampliación. A data final do período (31/8/2026) non se modifica.

   Exemplo: unha integrante cun permiso por parto e lactación acumulada que suman 172 días ten unha ampliación de 6 meses; os seus méritos individuais admítense desde o 1/3/2022 ata o 31/8/2026.

c) Méritos aos que se aplica. A ampliación aplícase soamente aos méritos individuais dos apartados 1.5, 1.6, 4.1, 4.2, 4.3 e 5.1 a 5.9 do anexo I. Non se aplica aos méritos de actividade colectiva do GID (apartados 1.1 a 1.4, 2.1 e 3.1 a 3.3) nin ao apartado 4.4, que ten o seu propio período de referencia.

d) Méritos compartidos. Cando un mérito dos indicados na letra c) corresponda a varias persoas integrantes do GID, só poderá acollerse á ampliación se todas elas teñen dereito a ela. Neste caso, aplicarase o período ampliado máis curto. A participación de persoas alleas ao GID non se ten en conta para este efecto.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 3 de un total de 7 página(s).

e) Límites. A ampliación non modifica as puntuacións máximas, o número máximo de achegas por integrante nin os demais requisitos do anexo I. Os méritos do apartado 5 deberán seguir relacionados coas actividades declaradas no apartado 1.1.

f) Acreditación. Cada persoa interesada solicitará o certificado á unidade competente en materia de persoal que lle corresponda segundo o seu colectivo e vinculación ou, se é allea á UDC, á súa entidade empregadora. O certificado indicará soamente que a persoa estivo en situacións das previstas na letra a) e o número total de días computables, sen indicar diagnósticos nin causas que a motiven. O certificado non se incluirá no cartafol compartido de evidencias: a persoa interesada presentarao no rexistro electrónico da Sede electrónica da UDC, dirixido ao CUFIE, ou, co seu consentimento, presentarao a persoa coordinadora xunto co modelo complementario do anexo II, dentro do prazo que corresponda segundo o artigo 4. Recoméndase solicitar o certificado con antelación suficiente. Se a unidade competente non o emitise dentro dese prazo, poderá achegarse no prazo de reclamación do artigo 6.1, xunto co xustificante de que se solicitou antes de que rematase o prazo de presentación.

g) Solicitude. A persoa coordinadora presentará o modelo complementario do anexo II, no que identificará as persoas integrantes que se acollen á ampliación, os días computables e a data de inicio do período ampliado de cada unha, e cada mérito da solicitude (apartado e número) presentado ao abeiro desta alínea. Os méritos que non figuren no modelo complementario ou que non se acrediten conforme á letra f) avaliaranse co período xeral da alínea 1.

h) As dúbidas na aplicación desta alínea serán resoltas pola CAID de acordo coa disposición adicional desta convocatoria.

i) Período certificado e vixencia. A ampliación non modifica o período de avaliación do GID nin a vixencia da avaliación prevista no artigo 9. O recoñecemento do artigo 8 e as certificacións que se emitan farán constar unicamente o período comprendido entre o 1/9/2022 e o 31/8/2026, sen mencionar a aplicación desta alínea nin as persoas que se acollesen a ela.»

Catro. No artigo 6 engádese unha nova alínea 4, coa seguinte redacción:

4. «Na revisión administrativa, o CUFIE comprobará que as solicitudes presentadas despois do 16 de novembro de 2026 cumpran os requisitos do artigo 4.8: que se acompañan do modelo complementario do anexo II e que polo menos unha persoa integrante acredita, conforme ao artigo 5.4.f), algunha das situacións previstas no artigo 5.4.a) dentro do período de avaliación. As solicitudes que, rematado o prazo de reclamación da alínea 1, non cumpran estes requisitos serán excluídas por presentación fóra de prazo. Se a acreditación falta só para algunhas das persoas declaradas, a solicitude

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 4 de un total de 7 página(s).

admitirase e os méritos desas persoas avaliaranse co período xeral do artigo 5.1.»

Cinco. No artigo 11 engádese unha nova alínea 10, coa seguinte redacción:

10. «Os datos relativos ás situacións previstas no artigo 5.4 trataranse só para aplicar a ampliación do período de avaliación, co consentimento explícito da persoa interesada, prestado no modelo complementario do anexo II (artigo 9.2.a do RXPD). Limitaranse á existencia da situación e á súa duración computable. Unicamente terán acceso a eles a persoa coordinadora do GID (só á duración computable), o persoal do CUFIE e as persoas integrantes da CAID, e non se publicarán en ningún caso. Conservaranse durante o tempo necesario para resolver a convocatoria e as reclamacións e recursos que se poidan interpoñer; despois quedarán bloqueados, nos termos do artigo 32 da Lei orgánica 3/2018, e suprimiranse de acordo coa normativa de arquivos aplicable.»

Seis. No anexo I engádese, despois do segundo parágrafo da introdución, o seguinte parágrafo:

«**Ampliación do período para méritos individuais.** As persoas integrantes que estivesen en permisos, licenzas ou situacións de protección da maternidade e da paternidade, conciliación, incapacidade temporal prolongada ou violencia de xénero poderán presentar méritos individuais anteriores ao 1/9/2022, nos termos do artigo 5.4 e mediante o modelo complementario do anexo II. A ampliación aplícase aos apartados 1.5, 1.6, 4.1, 4.2, 4.3 e 5.1 a 5.9, non altera as puntuacións máximas nin os límites de achegas e, nos méritos compartidos entre integrantes, só procede se todas as persoas integrantes que participan nel teñen dereito a ela.»

Sete. Engádese un novo anexo II, coa seguinte redacción:

«**ANEXO II. Modelo complementario para a ampliación do período de avaliación (artigo 5.4)**

Os GID que se acollan á ampliación do período de avaliación do artigo 5.4 presentarán, ademais da solicitude, o modelo complementario dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE (https://www.udc.es/cufie/INNOVACION/gid/). O modelo terá o contido seguinte:

1. Identificación do GID. Nome abreviado e completo do GID, persoa coordinadora e, se xa se presentou, data e número de rexistro da solicitude principal.

2. Persoas integrantes que se acollen á ampliación. Non se indica a causa da situación, só a súa duración computable.

ID integrante (o da solicitude)	Días computables (1/9/2022–31/8/2026)	Meses de ampliación (máx. 24)	Inicio do período ampliado	Fin do período	Presentación do certificado
				31/8/2026	☐ Pola persoa interesada

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 5 de un total de 7 página(s).

ID integrante (o da solicitude)	Días computables (1/9/2022–31/8/2026)	Meses de ampliación (máx. 24)	Inicio do período ampliado	Fin do período	Presentación do certificado
					☐ Pola persoa coordinadora

3. Méritos acollidos á ampliación. Só méritos dos apartados 1.5, 1.6, 4.1–4.3 e 5.1–5.9 con data anterior ao 1/9/2022 e non anterior ao inicio do período ampliado. Nos méritos compartidos, todas as persoas integrantes do GID que figuran neles deben constar na táboa do punto 2 e aplícase o período ampliado máis curto.

Apartado do anexo I	Nº na solicitude	Data do mérito	Integrante/s do GID (ID)

4. Consentimento das persoas integrantes afectadas. Cada persoa da táboa do punto 2 asina a seguinte declaración: «Acóllome á ampliación do artigo 5.4 da convocatoria e consinto expresamente o tratamento dos datos relativos á existencia e duración das situacións alí previstas, para os únicos efectos desta convocatoria, incluído que a persoa coordinadora do GID coñeza a súa duración computable e, se así se indica no punto 2, presente o meu certificado.»

5. Declaración responsable da persoa coordinadora. Declara que os datos do modelo son veraces, que o GID cumpre os requisitos do artigo 4.8 e que conta co consentimento asinado das persoas da táboa do punto 2.

6. Presentación. O modelo preséntase no rexistro electrónico da Sede electrónica da UDC, co destino «servizos» e «CUFIE», dentro do prazo do artigo 4.8. Preséntase xunto coa solicitude ou, se esta xa se presentou, de forma independente. Non se inclúe no cartafol compartido de evidencias.»

Segundo. Aprobar o modelo complementario para a ampliación do período de avaliación previsto no anexo II da convocatoria, que estará dispoñible para a súa descarga na páxina web do CUFIE (https://www.udc.es/cufie/INNOVACION/gid/).

Terceiro. O prazo xeral de presentación de solicitudes previsto no artigo 4.1 da convocatoria mantense ata o 16 de novembro de 2026, incluído. O prazo específico ata o 30 de novembro de 2026, incluído, aplícase exclusivamente aos GID comprendidos no artigo 4.8.

Cuarto. As solicitudes presentadas antes da entrada en vigor desta resolución manteñen a súa validez, sen prexuízo do previsto no artigo 4.8.c) da convocatoria.

Quinto. Publicar esta resolución no TEO da UDC. O CUFIE porá á disposición na súa páxina web o texto consolidado da convocatoria, con carácter informativo, e comunicará esta resolución ás persoas coordinadoras dos GID que xa presentasen a súa solicitude.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 6 de un total de 7 página(s).

Sexto. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

Esta resolución dítase por delegación do reitor e considérase ditada por este, de acordo co artigo 9.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e co artigo 14.1 da Resolución reitoral do 28 de agosto de 2026. Contra ela, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O reitor
PD (RR 28/08/2026)
O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 4Q1C3STUCJIKV68KMCSC8UAO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 04/11/2026 13:02:11 Página 7 de un total de 7 página(s).